

# SEMANA DAS LETRAS GALEGAS 2022

Como todos os anos celebramos a **Semana das Letras Galegas**. Este 17 de maio está dedicado a **Florencio Delgado Gurriarán**, que foi un escritor membro do Partido Galeguista e da Real Academia da Lingua Galega nado en Vilamartín de Valdeorras (Ourense).

## ACTIVIDADES PROGRAMADAS:

### SEMANA DO 9 AO 13 DE MAIO

- **Revista escolar Orballo.** Edición do nº 63 da nosa revista.
- **Exposición de carteis** sobre a vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán no corredor de entrada ao colexio.
- **Menús de gastronomía Galega no comedor escolar** (mércores 11, xoves 12 e venres 13 de maio) coa elaboración de menús galegos por parte do persoal de comedor para eses días.
- **Decoración das paredes do comedor escolar** con pósters de pratos cociñados incluídos no menú escolar ao longo do curso.
- **A nosa palabra galega favorita do curso.** Publicación na web do centro e no blog do Equipo de Dinamización da Lingua Galega da palabra galega favorita elixida neste curso. Decoración das paredes do pavillón polideportivo reflectindo a palabra elixida e unha ilustración da mesma.
- **Xogo de pistas sobre Florencio Delgado e outros homenaxeados** polas Letras Galegas. Búsqueda de imaxes para completar un mural coa biografía de Florencio Delgado e composición de crebacabezas coas imaxes de outros personaxes homenaxeados (Castelao, Eduardo Pondal...).

### SEMANA DO 18 AO 20 DE MAIO

- **Elaboración dun Maio e recitado de coplas.** Confección dun Maio a cargo da profesora de Relixión coa colaboración do alumnado e recitado de coplas por parte do alumnado.
- **Robótica nas Letras Galegas.** Actividade que consiste en guiar varios robots “Super Docs” a través dun panel de casiñas con fotos da biografía de Florencio Delgado Gurriarán que se colocará na Biblioteca. Haberá unhas tarxetas con instrucións e preguntas sobre a vida deste personaxe e o alumnado deberá guiar os robots cara as casiñas onde se atopa a imaxe coa información correcta requerida.



*Florencio Delgado Gurriarán*